

propostas para seguir perfeccionando o sistema educativo, sempre abertos ás demandas e esixencias sociais dun mundo cambiante, mais, desde unha perspectiva propia de profesionalidade e renovación. Desde unha cultura educativa que debemos coñecer, valorar, difundir e da que sentirmos orgullosos, pois aséntase en alicerces moi sólidos, desde a antigüidade aos nosos días. En definitiva, o pensamento educativo existe, este patrimonio ten un inmenso valor como factor de cambio social e de liberación humana e non pode ser ignorado nin desprezado desde posicións interesadas, desde ámbitos de pensamento que basan o desenvolvemento humano e social en axiomas economicistas, de valores ruíns de cálculo mercantilista e de beneficio a curto prazo.


A terceira parte, que o autor titula: “Posuír mata: dignitas homini, amor, verdade”, é un novo alegato en favor da dignidade dos seres humanos. E, para ilustrar os camiños dunha nova pedagogía posible, na cuarta e derradeira parte do libro, o autor inclúe unhas palabras do pedagogo norteamericano Abraham Flexner (1866-1959), un dos creadores do Institute for Advance Study de Princeton, que dirixiu entre 1930 e 1939. Unha reflexión final deste pedagogo norteamericano, ao fronte dunha das institucións educativas máis libres e avanzadas, na liña do pensamento libre e liberador de tantos pensadores e creadores que foron ao longo da historia. Un discurso, pronunciado no ano 1939, que titulou: “A utilidade dos coñecementos inútiles”, que é toda unha declaración de intencións.

Por último, non deixa de sorprendernos a disposición tan orixinal e significativa da bibliografía final, tan diversa, tan vasta.

Unha disposición bibliográfica en base a núcleos temáticos e á propia ordenación do discurso, que resulta moi atractiva, por eficaz e novedosa.

Para os que nos dedicamos a este vello e delicado oficio, ler este libro é tan necesario como bebermos soños, esa auga que nos permite seguir adiante. Respirar e resistir, nun tempo de confusión.

X. PÉREZ MONDELO



CABRAL PINTO, F. (coord.) (2015): *Educação, História e Políticas. Tributo a Rogério Fernandes*. Lisboa: Edições Piaget. ISBN: 978-989-759-045-0, 290 pp.

Este é un libro que pretende assinalar o V aniversario do desaparecemento, de entre nós, daquele que foi o grande historiador da educación, ator político notabilísimo, estudioso, militante, homem de afetos, de palabra e de sorriso amavel. Falamos de Rogério Fernandes. Nesta obra, o Tributo

alia diferentes autores e autoras de Portugal, Brasil e Galiza, que com ele, de diferentes formas, interagiram. Um livro que nos traz diversas aportações que incidem, sobretudo, no campo da história das políticas educativas. A obra estrutura-se com os seguintes capítulos:

I: “*Quando o ator é historiador. Abordagem à obra de Rogério Fernandes*”, de Margarida Felgueiras. Universidade do Porto (pp. 9-35). Uma cuidada e sábia recolha efetuada sobre a biografia do ator político e do historiador, feito por quem participou em grande parte das trajetórias do homenageado.

II. “*Ensino, sector (sempre) em crise*” de F. Cabral Pinto. Instituto Piaget (pp. 37-102). Uma observação crítica e exigente da política educativa portuguesa, desde as espetativas surgidas com o 25 de abril, seus programas e posteriores desenvolvimentos, por um lado, e o atual peso nefasto das políticas neoliberais. Um trabalho sempre acompanhado pelos textos de Rogério Fernandes.

III. “*A educação como frente de luta. Recortes sobre un programa de democratização da Escola Básica em Portugal (1974-1976)*”, de Antonio Teodoro. Univ. Lusófona, Lisboa (pp. 103-136). Poucas pessoas, como o professor Teodoro, poderiam examinar com melhor critério, quase 40 anos depois, a conflitualidade e os debates de política educativa daquele período.

IV. “*Conflicto social e construcción da educación democrática en España: Entre o Franquismo e as reformas socialdemocratas*”, de Antón Costa (pp. 137-182). Univ. Santiago de Compostela. Uma recolha de aspiração crítica e de análise da política educativa espanhola, fundamentalmente

entre a LGE de 1970 e a LOE de 2006 (texto em galego).

V. “*A primeira inspeção permanente do ensino secundário no Portugal oitocentista: os relatórios como espelhos do quotidiano escolar*”, de Áurea Adão. Instituto de Educação da Univ. Lisboa (pp. 183-219). Um olhar histórico sobre a vida diária das escolas e dos liceus desde meados do século XIX até aos anos oitenta do século XX.

VI. “*Escola sem escolas?*”, de António Nóvoa. Reitor Honorário da Univ. de Lisboa (pp. 221-240). Com um pujante exercício ensaístico Nóvoa, na sua reflexão, sugere que estamos perante problemas e evoluções que não colocarão tanto em questão a ideia de «Escola», como instituição de educação e cultura, quanto as atuais formas concretas de organização das «escolas», no plano organizacional e pedagógico.

VII. “*O local e a redefinição do social- Do político ao educativo*”, de Manuel Matos. Univ. do Porto (pp. 241-253). Uma reflexão sobre a importância do plano local no desenvolvimento de uma educação democrática.


VIII: “*Origem do associativismo docente em Portugal: diálogo com Rogério Fernandes*”, de Erlando Rêses. Univ. de Brasília (pp. 255-273). Uma recolha sobre o associativismo e sindicalismos docente em Portugal pela mão de Rogério Fernandes.

IX. “*Entrevista, de Margarida Louro, a Ana Walesca*”, professora da Univ. Católica do Rio de Janeiro, recordando os seus dias de investigadora em Lisboa sob a orientação do professor Rogério Fernandes em 2004.

X. “*Rogério Fernandes em Registo Diarío*”, una breve selección de textos do diário pessoal de Rogério Fernandes., nos días posteriores à presentación pública da súa obra *Educación: una frente de Luta*, de 1977, realizada pola profesora Margarida Felgueiras.

Un digno homenagem, pois, á figura de Rogério Fernandes.

Antón COSTA RICO
USC



FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, X. (2015): *Vicente Risco. Mestre de Mestres*, Ourense, Fundación Vicente Risco-Deputación Provincial de Ourense, 512 pp.

Nesta extensa obra, estruturada en sete capítulos ou apartados, trátase de profundar nas implicacións de Vicente Risco (1882-1963) no ámbito educativo ao que dedicou a súa vida profesional dende a súa incorporación como profesor de Historia á

Escola Normal de Mestres de Ourense, en 1916. Certamente estamos ante un personaxe complicado e complexo por mor da súa traxectoria ideolóxica que transitou por controvertidas etapas políticas que condicionaron as actuacións dun home que como el dicía “as cousas do mundo son asegún” e que “ser diferente e ser existente”; ou mesmamente, parafraseando a Ortega y Gasset, recoñecía que “la época es parte importantísima de sus circunstancias (y de la nuestra)”.

Indubidablemente, a súa participación nos proxectos galeguistas non foi por igual, nalgunhas cousas tivo máis intervencións ca noutras. Non obstante, a súa presenza é clara e a súa colaboración estreita. Risco, como un dos pensadores máis grandes que deu Galicia, abarcando o seu saber aos máis diversos eidos, fixo achegas importantes no contexto histórico-social e educativo galego, tanto a nivel individual como dende organizacións culturais e políticas. Cunha postura por veces mesiánica, dentro do galeguismo entendido coma un concepto globalizado no que interveñen todos os factores sociais, estudou de forma reflexiva o mundo rural, as parroquias, a emigración, a política e o nacionalismo galego. Así mesmo fixo unha análise integral da cultura sobre a provincia de Ourense e o modo de vivir do pobo galego, especialmente nas súas capas máis humildes.

A obra comeza cunha referencia á delicada infancia de Risco, á súa familia e os espazos vitais polos que transcorre (algúns deles en compañía do tamén neno Ramón Otero Pedrayo, algo máis novo ca el) con notas que nos achegan á súa crianza e formación, nas que se recollen datos que nos permiten coñecer a vida social ourensá da época. De tal maneira que nos axudan a fa-